



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

---

## **ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO**

**Lugar:** Casa do Concello  
**Día:** 2 de xaneiro de 2014  
**Hora de comezo:** 13.35 h  
**Hora de remate:** 14.00 h

### **ASISTENTES:**

Don Jesús Sanjúas Mera  
Don Manuel Mouriño Varela  
Don Jesús J. Santasmarinas Devesa  
Dona Raquel García Fraga

### **AUSENTES:**

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde, don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria – Interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DIA**

- 1. Aprobación da acta anterior.**
- 2. Licenzas urbanísticas**
- 3. Arquivos expedientes de limpeza de leiras**
- 4. Aprobación – aboamento factura por gastos derivados do programa “Prevenición da Dependencia”.**
- 5. Punto de urxencia**
- 6. Rogos e preguntas**

### **DELIBERACIÓNS**

#### **1. Aprobación da acta anterior**

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 19 de decembro do 2013.

## 2.Licenzas urbanísticas

A) Exp.: 13/2404. Licenza municipal de segregación, da finca catastral núm. 15012A503004280000wy, emprazada no lugar de vigo, na parroquia de Lamas (Boqueixón – A Coruña)

### Antecedentes:

Con data do 16/12/2013 (registro de entrada núm. 13/2404, de data do 17/12/2013), por D<sup>a</sup>. Carmen Elvira Rey Rubio, con DNI núm. XXXXX, preséntase unha proposta de segregación da finca catastral número 15012A503004280000WY, subscrita polo arquitecto, D. Manuel A. Echeverría Ulargui, colexiado núm. 461, situada no lugar de Vigo, na parroquia de Lamas, e emprazada urbanísticamente en Solo non urbanizable de Núcleo Rural.

Con data do 20/12/2013, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase o **informe técnico favorable**, no que corresponde á normativa urbanística municipal, e para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.

Consta no expediente a xustificación do ingreso da taxa, pola solicitude desta licenza municipal de segregación, por importe de 123,24 € (ingresada aos efectos con data do 19/12/2013), así como a cesión municipal obrigatoria, asinada polo promotor, en aplicación do artigo 171 da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Polo que unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

### **Primeiro:**

**Conceder**, a dona Carmen Elvira Rey Rubio, a **Licenza Municipal de Segregación**, da finca con referencia catastral número 15012A503004280000WY, situada no lugar de Vigo, na parroquia de Lamas, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

01. Número de expediente: 13/2404
02. Promotor da licenza: CARMEN ELVIRA REY RUBIO
03. N.I.F. do promotor: XXXXX
04. Clasificación urbanística: SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL
05. Tipo de Licenza: SEGREGACIÓN DE FINCA
06. Referencia catastral da finca N<sup>o</sup>.: 15012A503004280000WY
07. Situación e emprazamento: VIGO - LAMAS
08. Técnico autor do proxecto: MANUEL A.ECHEVERRÍA ULARGUI. Arquitecto
09. Deberase proceder coa correspondente alteración catastral da segregación, mediante a presentación do modelo oficial 903N, ante a Xerencia Territorial do Catastro da Coruña.

### **1. - Descrición da finca matriz e das parcelas resultantes**

1.a.- Finca matriz coa referencia catastral N<sup>o</sup>. 15012A503004280000WY

Finca n<sup>o</sup> 428 de concentración parcelaria de Lamas e Vigo, denominada “Vigo”, da extensión superficial de 7.084,00 metros cadrados. Linda: Norte, camiño e zona excluída; Sur, camiño e Jesús Mujico Caneda (425); Leste, camiño e Oeste, Antonio Mejuto Galante (427).

#### **1.b.- Fincas resultantes:**

1.b.1.- Parcela segregada 428-A:

Parcela cunha superficie de 1.883,55 metros cadrados netos. Linda: Norte, camiño; Sur, resto de finca matriz; Leste, resto de finca matriz; e Oeste, Antonio Mejuto Galante (427.)

1.b.2.- Resto da finca matriz nº 428:

Parcela cunha superficie de 5.156,90 metros cadrados. Linda: Norte, camiño e parcela segregada 428-A; Sur, camiño e Jesús Mujico Caneda (425); Leste, camiño; e Oeste, parcela segregada 428-A e Antonio Mejuto Galante (427).

1.b.3.- Parcela de Cesión obrigatoria

Segundo o artigo 171 da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, cédesse de forma gratuíta, ao Concello de Boqueixón, para a futura ampliación do camiño público, unha porción de terreo procedente da parcela segregada 428-A, cunha extensión de 43,55 m<sup>2</sup>.

**Segundo:**

Aceptar, por parte do Concello de Boqueixón, a parcela de CESIÓN obrigatoria, procedente da parcela segregada 428-A, descrita anteriormente, e destinar a superficie total desta cesión, ás futuras ampliacións da vía pública municipal existente, e que linda coa parcela cedida, fóra das aliñacións oficiais establecidas polo planeamento municipal.

**B) Expediente: 13/2010, de data do 16 de outubro de 2013. Legalización e proxecto de execución, de obras realizadas nunha vivenda unifamiliar illada existente**

Con data do 15 de outubro de 2013 (registro de entrada núm. 13/2010, de data do 16 de outubro de 2013), preséntase unha solicitude de autorización autonómica, previa á licenza municipal de obras, a nome de D. Jesús Rosende Couto, para a legalización de obras realizadas nunha vivenda unifamiliar existente, situada no lugar de Troitomil, na parroquia de Sta. María de Lestedo, e emprazada urbanísticamente en solo non urbanizable común, segundo as vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do Concello de Boqueixón (A Coruña).

Tendo en conta o procedemento que se establece no artigo 41, da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e posteriores modificacións, o expediente permaneceu exposto ao público durante 20 días, no taboleiro de anuncios do concello, e mediante anuncio no periódico “*el correo gallego*” (publicado con data do 23/11/2013), **non presentándose alegacións o mesmo.**

Considerando que o proxecto técnico presentado reúne os requisitos esixibles, e que as obras de legalización propostas, poderían ser legalizables, a Xunta de Goberno Local, Órgano Municipal que ten atribuída a competencia para outorgar as licenzas de obra, acorda:

1º.- Ratificar o informe técnico que emite a arquitecta María Carmen Novoa Sío, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, con data do 19 de novembro de 2013, relativo á solicitude de legalización presentada por D. Jesús Rosende Couto.

2º.- Dar traslado do expediente completo á Consellería competente en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, aos efectos previstos no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e posteriores modificacións.

### **3.Arquivos expedientes de limpeza de leiras**

#### A) Arquivo do expediente de limpeza da leira número 84, polígono 509, do lugar de Codeso-Casaldesuso.

O 24 de xullo de 2013, co número de entrada 13/1471, dona Rosario Pérez Bragaña, con domicilio en Codeso – Casaldesuso, expón que a carón da súa vivenda existe unha leira con abundante maleza e que supón un risco de incendio así como unha situación de insalubridade.

Manifesta que dita leira é a número 84, polígono 509.

Solicita que se proceda a súa limpeza.

A propiedade da leira é de “Grupo Galinvest SA”, según datos obtidos de publicidade exterior situada na leira número 84, polígono 509.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o día 5 de decembro de 2013 acordouse iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder coa limpeza de maleza na leira número 84, polígono 506, do lugar de Codeso-Casaldesuso, propiedade de GALINVEST SA, ata gardar as distancias sinaladas na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia (50 metros libres de maleza desde o paramento vertical da vivenda máis cercana).

Feita inspección técnica o día 30 de decembro de 2013 compróbase que *“no lugar de Codeso - Casaldeuso, a carón da vivenda de dona Rosario Pérez Bragaña, procedeuse coa limpeza da leira número 84, polígono 506 que estaba con abundante maleza.*

*Cúmprense pois coas distancias sinaladas na normativa da Lei 7/2012, de montes de Galicia”.*

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra GALINVEST SA, propietaria da leira número 84, polígono 506, do lugar de Codeso-Casaldesuso, por procederse cos traballos de limpeza ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de 9 de abril en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, , modificada pola Lei Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia
2. Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.
3. Comunicar o acordo o interesado.

#### B) Arquivo do expediente de limpeza da leira dedicada a monte, do lugar de Vilar-Lestedo.

O 11 de xullo de 2013, co número de entrada 13/1395, dona Milagros Pérez Mouriño, veciña do lugar de Lestedo- Vilar número 47 presenta escrito solicitando a limpeza da biomasa vexetal de leiras, que estando preto da súa casa, teñen abundante maleza e unha delas ademais con piñeiros.

Manifesta que o propietario da leira con maleza e con piñeiros é don Fernando Quinteiro Cortés.

A leira dedicada a monte con pinos, cuxa referencia catastral é a seguinte: 3688302NH4338N0001BL, é propiedade de don Fernando Quinteiro Cortés.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o día 21 de novembro de 2013 acordouse proceder coa execución subsidiaria e en consecuencia coa corta do arbolado (piñeiros) na leira cuxa

referencia catastral é a 3688302NH4338N0001BL, do lugar de Vilar - Lestedo, propiedade de don Ovidio Fernando Quinteiro Cortés, ata respectar a distancia dos 30 metros respecto do paramento da vivenda e así sinalado no artigo 21 da Lei 3/ 2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Feita inspección técnica o día 30 de decembro de 2013 “no lugar de Lestedo- Vilar, en relación coa solicitude de limpeza de biomasa vexetal da leira cuxa referencia catastral é a seguinte: 3688302NH4338N0001BL, compróbase que :

1. A leira de ref. :3688302NH4338N0001BL, foi obxecto de limpeza en canto a toxos, silvas, fentos, respectándose a distancia dos 50 metros de distancia desde o paramento vertical da casa máis próxima.
2. Cortáronse os piñeiros que non respectaban a distancia dos 30 metros desde a citada casa”.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra don Ovidio Fernando Quinteiro Cortés, propietario da leira de ref. :3688302NH4338N0001BL, do lugar de Vilar - Lestedo, por proceder o mesmo cos traballos de corta de piñeiros ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de 9 de abril en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, , modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia
2. Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.
3. Comunicar o acordo ó interesado.

#### **4.Aprobación – aboamento factura por gastos derivados do programa “ Prevención da Dependencia”.**

Con data 30 de decembro e rexistro de entrada número 13/2480 recíbese unha factura para a súa aprobación e aboamento.

Dita factura imputárase con cargo á subvención da Deputación de FOAXCA 2013 que se resolveu co número de resolución 10957 e data de rexistro de entrada no concello o 10 de xullo de 2013, número de rexistro 13/1378, polo concepto de gastos de persoal técnico e actividades do programa prevención da dependencia.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

- 1.- Aprobar e imputar a seguinte factura e proceder ó seu aboamento

Nº REXISTRO	DATA	EMPRESA	IMPORTE
13/2480	30/12/2013	<b>FISS CORUÑA</b> Matilde Calvo Suárez (44839045Q)	<b>270,00€</b>

- 2.- Comunicar este acordo ao departamento de Tesourería-Intervención para que proceda ó seu aboamento con cargo á subvención

#### **5. Punto de urxencia**

O día 30 de decembro, a empresa Compostela Digital, SL presentou a documentación que se lle requiriu para a adxudicación do contrato de mantemento informático. Segundo a lei de contratos, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato no prazo de 5 días hábiles, que se contarán desde que se reciba a documentación. Debido a que a vindeira Xunta de Goberno non se realiza ata o 16 de xaneiro e se supera o prazo previsto, a Xunta de Goberno aproba a urxencia deste punto.

#### **“Concesión do contrato do servizo de mantemento informático”**

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o día 24 de outubro aprobouse iniciar os trámites para a contratación do servizo de mantemento informático do concello.

O día 4 de novembro envíanse as invitacións ás 3 empresas elixidas no procedemento negociado que son: MT Solutions Company SL, Sirtelco,SL e Compostela Digital,SL

O día 21 de novembro a empresa Compostela Digital,SL entrega a súa oferta económica ( rexistro núm. 13/2234), o día 26 as outras dúas empresas presentan escritos renunciando a participar no concurso.

Na Xunta de Goberno do día 5 de decembro realizouse a clasificación das ofertas quedando do seguinte xeito:

Empresa	Importe
Compostela Digital, SL	600 euros /mes ( IVE incluído)

Con data 13 de decembro envíase escrito de petición de documentación á empresa clasificada e o día 30 de decembro presenta a documentación que se lle require, polo tanto, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato no prazo de 5 días hábiles.

A Xunta de Goberno acorda:

-Adxudicar o contrato do servizo de mantemento informático á empresa Compostela Digital, SL no importe de 600 euros/mes (IVE incluído) e aténdose o establecido nos pregos de cláusulas administrativas e técnicas aprobados para o efecto.

-Comunicar este acordo a tódolos licitadores

#### **6.Rogos e Preguntas**

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A Secretaria

Visto e prace  
O Alcalde